# REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
## Nº 67 – EDUCACIÓN E SERVIZOS SOCIAIS







**Editorial**

**Aberto o debate sobre o pacto educativo**

**O tema: Educación e servizos sociais**

**Presentación**
Laura Varela Crespo
Carmen Morán de Castro
*(Coordinadoras do monográfico)*

**A educación como instrumento de benestar nos servizos sociais**
Laura Varela Crespo
Carmen Morán de Castro
*(Universidade de Santiago)*

**Situación e transformación dos servizos sociais en Galicia: unha lectura en clave educativa**
Eva López Soto
*(Concello de Teo)*

**Educar nos servizos sociais: un quefacer cívico e pedagóxico compartido**
José Antonio Caride Gómez
*(Universidade de Santiago)*

**O terceiro sector na atención ás necesidades e aos dereitos das persoas**
EAPN Galicia – Rede Galega contra a Pobreza

**Servizos sociais e centros escolares: alianzas pola educación**
Sandra Ferreño García
Margarita Vázquez Teo
*(Concello de Santiago)*

**A experiencia da Asociación Comunitaria Distrito Quinto da Coruña (1990-2014)**
Almudena Carro Seijo
*(Asociación Comunitaria Distrito Quinto – ASCODI)*

**A educación familiar nos servizos sociais: reflexión dende o grupo Abeira – CEESG**
Estefanía Lema Moreira
Sonia M. González
*(Universidade Internacional de La Rioja; Concello de Arteixo)*

**Entrevista: José Manuel Ramírez Navarro, Presidente da *Asociación de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales***
Carmen Morán de Castro
Laura Varela Crespo
*(Universidade de Santiago)*

**Para sabermos algo máis…**
Carmen Morán de Castro
Laura Varela Crespo
*(Universidade de Santiago)*

**A lingua**

**Unha lingua europea**
Marcos Vence Ruibal
*(IES San Clemente – Santiago)*

**Experiencias**

**Rosalía nos cinco sentidos. Proxecto de achegamento a Rosalía de Castro**
Aida Lorenzo Campos
Anayansi Singh Expósito
*(Concello de Rois)*
Profesionais de AMIPA (Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da comarca do Sar)

**Pensar o ensino**

**Os deberes**
Víctor Manuel Santidrián Arias
*(IES do Milladoiro – Ames)*

**A escola rural**

**Adeus á miniconcentración de Doiras (Cervantes): un novo ataque á escola rural**
Cristina López Rodríguez
*(Universidade de Santiago)*

| | |
|---|---|
| **As outras escolas** | **Uma outra escola: a Escola de Aplicação da Faculdade de Educação da Universidade de São Paulo, seus alunos pequenos e a gestão democrática**<br>Vivian Batista da Silva<br>Rita de Cassia Gallego<br>Paula Perin Vicentini<br>*(Universidade de São Paulo)* |
| **As novas tecnoloxías** | **Estudo dun lustro de plan TIC no ensino obrigatorio**<br>Mª Elena Añel – Cabanelas<br>Manuela Raposo – Rivas<br>*(Mestra; Universidade de Vigo)* |
| **Investigación** | **O proxecto do colexio Fingoi en Lugo. Análise, contextualización e dimensión dun feito educativo á sombra do institucionismo**<br>Xúlio Pardo de Neyra<br>*(Universidade da Coruña)* |
| **Xoguetainas e brinquetainas** | **O xogo tradicional na Educación Infantil: Deseño dunha proposta didáctica e análise da realidade escolar**<br>Mª Jesús García Montes<br>*(Universidade de Santiago)* |
| **Pais e nais** | **A gratuidade no ensino público**<br>Fernando Lacaci Batres<br>*(Confederación ANPAS Galegas)* |
| **Panoraula** | **Actualidade do mundo da educación**<br>Antón Costa Rico<br>Xosé Ramos Rodríguez<br>*(Nova Escola Galega)* |
| **Panoraula dixital** | **A actualidade educativa na Rede**<br>Sandra Dorado Gómez<br>Almudena Alonso Ferreiro<br>*(Grupo de investigación Stellae – Universidade de Santiago)* |
| **Recensións** | **Carlos Casares, a arte de contar**<br>Miguel Vázquez Freire<br>*(Nova Escola Galega)*<br>***Balea*, de F. Fernández e G. González**<br>Rosalía Fernández Rial<br>*(Nova Escola Galega)* |
| **Humor** | ***DOcENTES***<br>Xosé Tomás |

## REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
## Nº 67 – EDUCACIÓN E SERVIZOS SOCIAIS

### Avance do núm. 68: Os videoxogos (título provisional)

Percibir a tecnoloxía como un aliado que facilita a vida require principalmente interese, predisposición ou motivación por aprender, tempo, comprensión e certa rutina no uso. E segundo o caso, precísase tamén unha persoa ou persoas pacientes con máis coñecementos, que ensinen ou guíen na súa utilización, segura e saudable. O número pretende achegar información que impulse a conversión dos videoxogos en aliados para o "crecemento" escolar e familiar, non sen antes deterse nas razóns polas cales estes recursos poden ser excelentes materiais para o ensino-aprendizaxe.

# Resumos Resúmenes Abstracts

## A EDUCACIÓN COMO INSTRUMENTO DE BENESTAR NOS SERVIZOS SOCIAIS

*Laura Varela Crespo e M. Carmen Morán de Castro*

*Acción socioeducativa, satisfactor sinérxico, principios pedagóxicos, equipos interprofesionais.*

*Acción socioeducativa, satisfactor sinérgico, principios pedagógicos, equipos interprofesionales.*

*Socio-educational action, synergistic satisfaction, pedagogical principles, inter-professional teams.*

Os servizos sociais son recoñecidos na lexislación como instrumentos de xustiza, potenciadores do exercicio do dereito a unha vida digna e con calidade para toda a cidadanía. Esta orientación aséntase no exercicio da educación, considerada como un satisfactor sinérxico, favorecedor da comprensión dun mesmo no propio marco cultural, e do papel que nel corresponde desenvolver. É así que o desenvolvemento de procesos educativos nos servizos sociais ten como horizonte o progreso na autonomía persoal e colectiva, así como a cohesión, integración e solidariedade. Para isto, a Lei galega define os principios orientadores esixibles á acción socioeducativa para afianzar a condición de cidadán versus a de beneficiario. As autoras apuntan, finalmente, ás características dos e das profesionais da educación nos equipos interprofesionais dos servizos sociais.

*Los servicios sociales son reconocidos en la legislación vigente como instrumentos de justicia, potenciadores del ejercicio del derecho a una vida digna y con calidad para toda la ciudadanía. Esta orientación se asienta en el ejercicio de la educación, considerada como un satisfactor sinérgico, favorecedor de la comprensión de uno mismo en el propio marco cultural, y del papel que en él corresponde desarrollar. Es así que el desarrollo de procesos educativos en los servicios sociales tiene como horizonte el progreso en la autonomía personal y colectiva, de la cohesión, la integración y la solidaridad.*

*Para esto, la Ley gallega define los principios orientadores exigibles a la acción socioeducativa para afianzar la condición de ciudadano versus a la de beneficiario. Las autoras apuntan, finalmente, a las características de los y de las profesionales de la educación en los equipos interprofesionales de los servicios sociales.*

*In the current legislation, social services are recognized as instruments of justice, enhancers of the right to a dignified life and quality for all citizens. This orientation is based on the exercise of education, considered as a synergistic satisfier, favoring the understanding of oneself into the cultural framework and the role which has to be developed on it. Thus, the development of educational processes in social services has as horizon the progress into personal and collective autonomy, cohesion, integration and solidarity.*

*Hereby, the Galician Law defines the guiding aims required for the socio-educational action to strengthen the status of citizen versus beneficiary. Finally, the authors point out to the characteristics of educational professionals into inter-professional teams of social services.*

## SITUACIÓN E TRANSFORMACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA: UNHA LECTURA EN CLAVE EDUCATIVA

*Eva López Soto*

*Servizos sociais, enfoque educativo, acompañamento, participación, universalidade.*

*Servicios sociales, enfoque educativo, acompañamiento, participación, universalidad.*

*Social services, educational approach, accompaniment, participation, universality.*

A implantación da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia supuxo un importante avance na configuración dos servizos sociais como un sistema de dereitos subxectivos e recoñecibles, esixibles a nivel xudicial. Con todo, o desenvolvemento e a aplicación do marco lexislativo deu un xiro radical no ano 2009 coa chegada do Partido Popular ao Goberno e a posta en marcha dun sen fin de recortes nos últimos oito anos. A necesidade dun maior investimento en profesionais do ámbito socioeducativo, a existencia de espazos de reflexión ética, a necesidade de facer realidade o principio de universalidade, a inclusión



RGE67.indd 8 28/3/17 18:35

da renda básica universal... son algúns dos retos que deben afrontar as políticas sociais nos nosos días.

*La implantación de la Ley 13/2008 de servicios sociales de Galicia supuso un importante avance en la configuración de los servicios sociales como un sistema de derechos subjetivos y reconocibles, exigibles a nivel judicial. Sin embargo, el desarrollo y aplicación del marco legislativo dio un giro radical en el año 2009 con la llegada del Partido Popular al gobierno y la puesta en marcha de un sin fin de recortes en los últimos años. La necesidad de una mayor inversión en profesionales del ámbito socioeducativo, la existencia de espacios de reflexión ética, la necesidad de hacer realidad el principio de universalidad, la inclusión de la renta básica universal... son algunos de los retos que deben afrontar las políticas sociales de nuestros días.*

*The implementation of the Law 13/2008 of social services of Galicia represented an important advance into the configuration of social services as a system of subjective and recognizable rights required at judicial level. However, the development and implementation of the legislative framework totally changed in 2009 with the emergence to the government of the Popular Party and the start up of a large number of cuts in recent years. The need for greater investment into professionals in the socio-educational field, the existence of spaces for ethical reflection, the need to make a reality the principle of universality, the inclusion of universal basic income ... are some of the challenges which current social policies must face.*

## EDUCAR NOS SERVIZOS SOCIAIS: UN QUEFACER CÍVICO E PEDAGÓXICO COMPARTIDO

*José Antonio Caride Gómez*

*Educación cidadá, dereitos sociais, abordaxe ecosistémica, acción-intervención interdisciplinar.*

*Educación ciudadana, derechos sociales, abordaje ecosistémico, acción-intervención interdisciplinar.*

*Civic education, social rights, ecosystem approach, interdisciplinary action-intervention.*

Nun escenario de crise con 120 millóns de persoas ameazadas pola pobreza e a exclusión en Europa, o autor destaca a relevancia da articulación das axendas educativas e sociais para asumir, activamente e con enfoques renovados, o labor cívico e pedagóxico compartido de educar a cidadanía para o exercicio dos seus dereitos; nomeadamente o dereito a unha vida digna. Son precisamente nestas circunstancias tan adversas, incomprensiblemente acompañadas da redución de recursos nos subsistemas de benestar social, cando é preciso poñer maior énfase nas oportunidades que brindan o "coñecemento do social e a acción-intervención no social" desde múltiples disciplinas e profesións, como piares nos que cimentarse o ben-estar e ben-ser de calquera sociedade que se estime a si mesma. Reclámase, consecuentemente, unha lectura ecosistémica e complexa das realidades, para superar as barreiras impostas polos saberes disciplinarios fragmentados, as prácticas profesionais corporativas, os modelos tecnolóxicos descendentes ou as rupturas excluíntes entre teoría e práctica.

*En un escenario de crisis con 120 millones de personas amenazadas por la pobreza y la exclusión en Europa, el autor destaca la relevancia de la articulación de las agendas educativas y sociales para asumir, activamente y con enfoques renovados, la labor cívica y pedagógica compartida de educar a la ciudadanía para el ejercicio de sus derechos; destacadamente el derecho a una vida digna. Son precisamente en estas circunstancias tan adversas, incomprensiblemente acompañadas de la reducción de recursos en los subsistemas de bienestar social, cuando es preciso poner mayor énfasis en las oportunidades que brindan el "conocimiento de lo social y la acción-intervención en lo social" desde múltiples disciplinas y profesiones, como pilares en los que cimentarse el bien-estar y bien-ser de cualquier sociedad que se estime a sí misma. Se reclama, consecuentemente, una lectura ecosistémica y compleja de las realidades, para superar las barreras impuestas por los saber disciplinarios fragmentados, las prácticas profesionales corporativas, los modelos tecnológicos descendientes o las rupturas excluyentes entre teoría y práctica.*

*In a crisis scenario with 120 million people threatened by poverty and exclusion in Europe, the author highlights the relevance of articulating the educational and social agendas in order to assume, actively and with renewed approaches, the shared civic and pedagogical work of educating citizens for the exercise of their rights; notably the right to a dignified life. It is just in these very adverse circumstances, incomprehensibly accompanied by the reduction of resources in the social welfare subsystems, when it is necessary to emphasize on the opportunities which are offered by the "knowledge of the social and social action-intervention" from multiple disciplines and professions, as pillars on which to base the wellness and well-being of any society that considers itself. Consequently, an ecosystemic and complex reading of the realities is demanded, to overcome the barriers imposed by the fragmented disciplinary knowledge, the professional corporative practices, the descending technological models or the exclusive ruptures between theory and practice.*

## O TERCEIRO SECTOR NA ATENCIÓN ÁS NECESIDADES E DEREITOS DAS PERSOAS

*EAPN GALICIA-Rede Galega contra a pobreza*

*Pobreza, exclusión, educación inclusiva, terceiro sector.*

*Pobreza, exclusión, educación inclusiva, tercer sector.*

*Poverty, exclusion, inclusive education, third sector.*

Os informes sociais alertan dunha situación en Galicia con significativas porcentaxes de poboación lonxe de satisfacer as necesidades e os dereitos sociais que un estado do benestar ten comprometidos. Desde EAPN Galicia sublí-



RGE67.indd 9 28/3/17 18:35

ñanse as limitadas razóns para o optimismo nun escenario de escaso compromiso político en orzamentos e planificación, descoordinación entre as administracións implicadas, e coas organizacións sen ánimo de lucro máis orientadas ao asistencialismo paliativo das emerxencias, que ao enfrontamento das causas da pobreza. Nesta situación, o terceiro sector social considérase estratéxico na reclamación duns servizos públicos universais e de calidade, que ten na educación un dos seus alicerces básicos.

*Los informes sociales alertan de una situación en Galicia con significativos porcentajes de población lejos de satisfacer las necesidades y derechos sociales que un estado del bienestar tiene comprometidos. Desde EAPN Galicia se subrayan las limitadas razones para el optimismo en un escenario de escaso compromiso político en presupuestos y planificación, descoordinación entre las administraciones implicadas, y con las organizaciones sin ánimo de lucro más orientadas al asistencialismo paliativo de las emergencias, que al enfrentamiento de las causas de la pobreza. En esta situación, el Tercer Sector Social se considera estratégico en la reclamación de unos servicios públicos universales y de calidad, que tiene en la educación uno de sus pilares básicos.*

*The social reports warn of a situation in Galicia with significant percentages of population far from satisfying the needs and social rights that a welfare state has committed. EAPN Galicia emphasizes the limited reasons for optimism in a scenario of low political commitment in budgets and planning, lack of coordination between the administrations involved, and non-profit organizations more oriented to palliative care of emergencies than to the confrontation of poverty´ causes. In this situation, the Third Social Sector is considered strategic in claiming universal and quality public services, which has in education one of its basic pillars.*

## SERVIZOS SOCIAIS E CENTROS ESCOLARES: ALIANZAS POLA EDUCACIÓN

*Sandra Ferreño García e Margarita Vázquez Teo*

*Benestar social, escola, educación social, redes comunitarias.*

*Bienestar social, escuela, educación social, redes comunitarias.*

*Social welfare, school, social education, community networks.*

Partindo da análise do Programa Socioeducativo desenvolvido como educadoras sociais na Área de Benestar Social do Concello de Santiago, as autoras afondan nas características da acción socioeducativa neste contexto desde o modelo comunitario en rede e, particularmente, da conexión cos centros escolares. Defenden este modelo de intervención social pola súa idoneidade para a abordaxe integral e interprofesional das necesidades e demandas sociais desde una perspectiva sistémica. Sinálase ao/á orientador/a como a persoa de referencia para deseñar conxuntamente estratexias de intervención que dean resposta a obxectivos comúns e apuntan, neste sentido potencialidades e dificultades detectadas para situar a educación como elemento prioritario e imprescindible.

*Partiendo del análisis del Programa Socioeducativo desarrollado como educadoras sociales en el área de Bienestar Social del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, las autoras profundizan en las características de la acción socioeducativa en este contexto desde el modelo comunitario en red y, particularmente, de la conexión con los centros escolares. Defienden este modelo de intervención social por su idoneidad para el abordaje integral e interprofesional de las necesidades y demandas sociales desde una perspectiva sistémica. Se señala al orientador/a como la persona de referencia para diseñar conjuntamente estrategias de intervención que den respuesta a objetivos comunes. Apuntan, en este sentido potencialidades y dificultades detectadas para situar la educación como elemento prioritario e imprescindible.*

*Based on the analysis of the Socio-educational Program developed as social educators in the area of Social Welfare from the City Hall of Santiago de Compostela, the authors deepen into the characteristics of socio-educational action in this context from the community network model and, in particular, from the connection with Schools. They defend this model of social intervention for its suitability for the integral and inter-professional approach of the needs and social demands from a systemic perspective. The counselor is designated as the reference person to jointly design intervention´ strategies that respond to common objectives. In this sense, they point out potentialities and difficulties detected in order to set education as a priority and essential element.*

## A EXPERIENCIA DA ASOCIACIÓN COMUNITARIA DISTRITO QUINTO DA CORUÑA (1990-2014)

*Almudena Carro Seijas*

*Traballo comunitario, asociación, participación social, prevención.*

*Trabajo comunitario, asociación, participación social, prevención.*

*Community work, association, social participation, prevention.*

A Asociación comunitaria Distrito Quinto do barrio de Labañou, da cidade da Coruña, é unha estrutura que aglutina desde 1990 o tecido asociativo do Distrito e mantén unha relación estable cos diferentes servizos da zona. É a entidade impulsora dun Plan Comunitario que tivo como principio orientador o traballo coordinado, non só coas asociacións e habitantes do Distrito, senón tamén cos servizos sociais da zona cos que organizaba e planificaba cada unha das áreas de intervención (infancia, mocidade, familia, escola, dinamización e participación social).



RGE67.indd 10 28/3/17 18:35

Os programas foron evolucionando e transformándose ao longo de máis de 20 anos, ata que os continuos recortes orzamentarios por parte das administracións públicas provocaron o peche da Asociación no ano 2014.

*La Asociación comunitaria Distrito Quinto del barrio de Labañou, de la ciudad de A Coruña, es una estructura que aglutina desde 1990 al tejido asociativo del Distrito y mantiene una relación estable con los diferentes servicios de la zona. Es la entidad impulsora de un Plan Comunitario que tuvo como principio orientador el trabajo coordinado, no solo con las asociaciones y habitantes del Distrito, sino también con los servicios sociales de la zona con los que organizaba y planificaba cada una de las áreas de intervención (infancia, juventud, familia, escuela, dinamización y participación social). Los programas fueron evolucionando y transformándose a lo largo de más de 20 años, hasta que los continuos recortes presupuestarios por parte de las administraciones públicas provocaron el cierre de la Asociación en el año 2014.*

*The Community Association Fifth District of Labañou neighborhood, A Coruña, is a structure which agglutinates since 1990 the associative tissue of the District and maintains a stable relation with different services of the area. It is the driving force of a Community Plan whose had as guiding principle the coordinated work, not only with the associations and population of the District but also with the social services of the area with which it organized and planned each of the intervention´ areas (childhood, youth, family, school, dynamization and social participation). The programs were evolving and transforming over more than 20 years, until the continuous budget cuts by the public administrations caused the closure of the Association in 2014.*

## A EDUCACIÓN FAMILIAR NOS SERVIZOS SOCIAIS: REFLEXIÓN DENDE O GRUPO ABEIRA-CEESG

*Estefanía Lema Moreira e Sonia M. González*

*Educación familiar, servizos sociais comunitarios, prevención, desenvolvemento profesional.*

*Educación familiar, servicios sociales comunitarios, prevención, desarrollo profesional.*

*Family education, community social services, prevention, professional development.*

O grupo Abeira de profesionais da Educación Social traballa desde o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG) pola mellora da práctica socioeducativa que se realiza na intervención con familias. Analizan no artigo a traxectoria e actualidade do traballo socioeducativo realizado desde os servizos sociais comunitarios a través do Servizo de Educación e Apoio Familiar. Desde o contacto directo, continuado e comunicativo coas familias, avógase por avanzar en accións educativas consistentes que fuxan da errónea, pero persistente, actuación asistencialista.

*El grupo Abeira de profesionales de la Educación Social trabaja desde el Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Galicia (CEESG) por la mejora de la práctica socioeducativa que se realiza en la intervención con familias. Analizan en el artículo la trayectoria y actualidad del trabajo socioeducativo realizado desde los Servicios Sociales Comunitarios a través del Servicio de Educación y Apoyo Familiar. Desde el contacto directo, continuado y comunicativo con las familias, se aboga por avanzar en acciones educativas consistentes que huyan de la errónea, pero persistente, actuación asistencialista.*

*The Abeira group of professionals in Social Education works from the School of Social Educators of Galicia (CEESG) in order to improve the socio-educational practice which is carried out with families during the intervention. In the article the trajectory and present of the socio-educative work implement from the Community Social Services through the Service of Education and Family Support is analyzed. From direct, continuous and communicative contact with families, is pleaded to advance in consistent educative actions that avoid from the erroneous but persistent assistance action.*



RGE67.indd 11 28/3/17 18:35